

DOMINGO 4 CORESMA Ciclo C

PRIMEIRA Xos 5, 9a. 10-12

O Pobo de Deus celebra a Pascua ao entrar na terra prometida

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DE XOSUÉ

Dille o Señor a Xosué: - "Hoxe quiteivos de enriba o oprobio de Exipto".

Os fillos de Israel acamparon en Guilgal e celebraron a Pascua no décimo cuarto día do mes, polo serán, nas chairas de Iericó. No día seguinte á Pascua, comeron dos produtos do país: bolos ázimos e espigas torradas, no mesmo día. E, ao día seguinte de comeren do froito da terra, cesou o maná, e en adiante xa non houbo maná para os fillos de Israel: aquel ano comeron do produto da terra de Canaán.

SALMO RESP. Sal 33, 2-3. 4-5. 6-7

R/ (9a): Gustade e vede qué bo é o Señor

Eu bendigo ao Señor en todo instante,
teño sempre na boca a súa louvanza;
gloríome no Señor,
e os humildes alégranse, ao escoitalo.

Exaltade comigo ao Señor,
louvemos xuntos o seu nome.
Eu busco ao Señor, e El responde,
líbrame de todos os temores.

Ollade para El e refulxide,
non poñades caras murchas.
O Señor escoita ao pobre que o chama
e líbrao de todos os apretos.

SEGUNDA 2 Cor 5, 17-21

Deus reconciliounos consigo por medio de Cristo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Quen estea en Cristo, é unha criatura nova: o que era vello, pasou. Vedes? Hai unha realidade nova.

E todo iso provén de Deus que nos reconciliou consigo por medio de Cristo e nos encomendou o servizo da reconciliación. Pois Deus estaba en Cristo reconciliando o mundo consigo, non levando conta dos delitos dos homes e poñendo en nós a mensaxe da reconciliación. Somos, logo, embaixadores de Cristo; e é coma se Deus vos exhortase por medio noso. Pedímosvolos por Cristo: deixádevos reconciliar con Deus. A aquel que non tiña nada que ver co pecado, Deus fíxoo pecado por nós, para que nós, grazas a el, nos volvésemos nel xustiza de Deus.

DOMINGO 4 CORESMA Ciclo C

EVANXEO Lc 15, 1-3. 11-32
Este teu irmán estaba morto e reviviu

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, os publicanos e pecadores achegábanse a Xesús para o escoitaren. Por iso os fariseos e letrados murmuraban:

- Este acolle os pecadores e come con eles.

Entón Xesús contoulles esta parábola:

- Un home tiña dous fillos. O máis novo díxolle ao pai: "Papá, dáme a parte da herdanza que me corresponde". El repartiulle os seus bens. Días despois, este fillo recibiu todo xunto e marchou para un país remoto, onde malgastou a súa fortuna vivindo coma un perdido.

Despois de o gastar todo, houbo unha gran fame naquela terra, e empezou a pasar necesidade. Entón, acudindo a un natural do país, entrou a servir, e mandouno a unha granxa a coidar os porcos. Alí chegou a ter gana de encher o estómago coas landras que comían os porcos, pero ninguén llas daba.

Recapitando, pensou: "¡Hai que ver! Cantos xornaleiros do meu pai teñen pan a fartar, e eu morro coa fame. Si, vou volver á de meu pai e voulle dicir: Papá, pequeei contra o ceo e contra ti; xa non son digno de que me trates coma un fillo, trátame coma un xornaleiro".

Levantouse e volveu onda seu pai. Aínda estaba lonxe cando este, enxergándoo, saíu emocionado a recibilo, e botádoselle nos brazos, bicouno agarimosamente. O fillo exclamou: "Papá, pequeei contra o ceo e contra ti, xa non son digno de que me trates coma un fillo".

Pero o pai díxolles aos seus criados: "Axiña, sacade a túnica mellor e vestídella; poñédelle un anel na man e calzado nos pés. Preparade un cuxo cebado para comelo e facer unha gran festa. Porque este fillo meu estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo". E empezou a festa.

Pero resulta que o fillo máis vello estaba na leira e cando viña para casa, oíu a música e mailo baile. Chamou por un criado e preguntoulle que pasaba. O criado contestoulle: "Éche que volveu teu irmán, e teu pai mandou matar o cuxo cebado por recuperalo san e salvo". Entón alporizouse moito, e non quería entrar.

Pero o pai, saíndo, intentouno convencer. El díxolle: "Tantos anos como levo servíndote sen che faltar nunca en nada, e nunca un cabrito me deches para farrear cos meus amigos; e agora resulta que vén ese teu fillo, que queimou os teus bens con xentes de mala vida, e matas o cuxo cebado".

O pai contestoulle: "Meu fillo, ti sempre estás comigo e todo o meu é teu, que menos que celebrar unha festa cheos de alegría, xa que ese teu irmán estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo?".